

# BOLETÍN DE IGUALDADE



O Boletín de Igualdade é unha publicación mensual dixital en acceso libre da Unidade de Igualdade. Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envía as tuas suxestións, por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario

Vigo-36310

[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)

986 813 419



## CONTIDO

AXENDA .....	3
FORMACIÓN.....	¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.
CONGRESOS E SEMINARIOS.....	5
CONVOCATORIAS.....	6
SUXESTIÓNS .....	7
RECURSOS.....	8
NOVAS .....	9
DATOS .....	11
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	12

# NOVEMBRO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
44 31	1	2	3	4	5	6
45 7	8	9	10	11 <small>San Martiño — Festivo local en Ourense</small>	12	13
46 14	15	16	17	18 <small>Día Internacional das Personas LGBTQI+ na Ciencia</small>	19	20 <small>Día Internacional da Memoria Trans</small>
47 21	22	23	24	25 <small>Día Internacional contra a Violencia Machista</small>	26	27
48 28	29	30	1	2	3	4

## AXENDA

**Exposición Forxadoras de historias, metal e pedra.** Na sala Maruja Mallo da sede da Deputación de Pontevedra en Vigo. Ata o 7 de novembro.

**2 de novembro:** I Obradoiro sobre comunicación en contextos de violencia de xénero no Salón de actos da Facultade de Educación e Traballo Social. Actividade do programa de Axudas docentes en materia de xénero.

**4 de novembro:** Ríos subterráneos: correntes migrantes e Ríos subterráneos: identidades líquidas, na Facultade de Educación e Traballo Social. Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero.

**4 de novembro:** II Xornada: A Muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxías e Materiais. Na aula de Grao da EME. Asistencia: presencial e virtual. [Inscrição](#) e [máis información](#)

**7 de novembro:** IV Xornada de Control de Xestión dende unha perspectiva de xénero. En liña. Actividade do programa de Axudas docentes en materia de xénero. [+Info e inscricións](#)

**8 e 9 de novembro:** Congreso Internacional Xustiza e Xénero. Presencial no Salón de Grados da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e en liña a través do Campus Remoto. Actividade do programa de Axudas docentes en materia de xénero. Inscricións [aquí](#).

**9 de novembro:** Presentación dos vídeos do proxecto de investigación Representatividade e a representación das mulleres no audiovisual galego. Ás 16:00 h no Salón de Grados da Facultade de Comunicación. Financiado pola Cátedra de Feminismos 4.0 DePo-Uvigo

**14 de novembro:** Presentación do informe do Observatorio de machismo dixital Stop Machitroles da Cátedra Feminisos 4.0 [+Info](#)

**14 de novembro:** Agresións OFF. Xornada conxunta da Secretaría Xeral de Igualdade e os servizos de igualdade das tres universidades galegas. Formato mixto, presencial, en Santiago de Compostela, e virtual. Pendente de programa completo.

**25 de novembro:** Manifestacións en contra da Violencia Machista. Para máis información consultar as convocatorias locais.

## FORMACIÓN

Workshop Hackeando ao patriarcado: Novos aparatos ideolóxicos. O patriarcado de vixilancia. [+Info](#) 4ª edición.

2 de novembro, seminario con posibilidade de asistencia de forma presencial no edificio Redeiras ou en liña a través do Campus Remoto.

3 de novembro, obradorio, en formato presencial, na Faculta de Comercio.



## **Curso en liña: Prevención e Sensibilización sobre Violencia Sexual desde unha Perspectiva Multidisciplinar [+Info](#)**

Do 2 de novembro ao 16 de decembro.

### **Café para todas: Rebeldes y peligrosas de cine**

Organiza a Sociedad Española de Óptica (SEDOPTICA-MOF). Encontro virtual con María Castejón o 14 de novembro ás 18:00 h a través da plataforma Zoom

Enlace de acceso <https://go.uv.es/ttUeL6U> e código de acceso: 20221114

### **Silvia Federici e a reproducción do patriarcado. Capitalismo, comúns e loitas feministas [+Info](#)**

Dispoñibles os audios do curso completo.

## **CONGRESOS E SEMINARIOS**

---

### **II Encontro feminista internacional sobre a caza de bruxas [+Info](#)**

Madrid, 28, 29 e 30 de outubro.

### **IV Jornadas Internacionales Mujeres, DD.HH. y Paz en Colombia**

4, 5 e 6 de novembro en Valencia. [Inscripciones](#)

### **I Congreso internacional de género y sexualidad en el cine español [+Info](#)**

Do 28 ao 30 de novembro na Universitat de València.

### **Violencias sexuais: Unha mirada panorámica dende as investigacións empíricas**

O Grupo de Traballo para o estudo das Violencias Sexuais, realiza un ciclo de seminarios ao longo do ano 2022 aos que se pode asistir presencial e virtualmente. [+Info](#)

### **II Foro de Debate. Mulleres Frente á Pandemia [+Info](#)**

O Foro de Debate «Mujeres frente a la pandemia» dá comezo á súa segunda edición con contidos durante todo o ano.

## **CONVOCATORIAS**

---

### **1º concurso de microrrelato Contos para a Escola de Minas e Enerxía (Contos\_EME 2022).**

En galego ou castelán, con 2 premios de 200 euros cada un. Un para alumnado de grao e máster da Universidade de Vigo e outro para alumnado de Bacharelato. Ata o 30 de outubro ás 20:00 h

### **Bolsas de formación María Telo [+Info](#)**

Convócanse 7 bolsas de formación no Ministerio de Igualdade para o período 2022-2023. Prazo de presentación de solicitudes 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación no BOE do extracto da Resolución que foi o 19 de outubro de 2022.

**Maricorners 2023 III Congreso Internacional de Estudios Interdisciplinares LGBTIQ+ en español.**

Ata o 6 de novembro está aberta a convocatoria para presentar propostas: comunicación individual, mesa redonda, taller, póster ou performance académica. [+Info](#)

**Premios internacionais Equit@t de vídeo no ámbito de xénero e tecnoloxía [+Info](#)**

Ata o 15 de novembro, con catro modalidades, tres para escolares e unha para persoas adultas, co fin de promover as vocacións femininas nas CETEM. O premio, organizado pola UOC, ten unha dotación económica de 1 000 euros para cada categoría que financia a Fundación Catalana para a Investigación e a Innovación e poden presentarse en castelán, catalán, euskera e galego.

**Call for Papers: Feminist Futures (Issue 136, marzo de 2024) [+Info](#)**

Ata o 15 de novembro.

**Premio Cecilia Castaño 2022 á investigación sobre desigualdades de xénero en ciencia e tecnoloxía (1ª edición) [+Info](#)**

Prazo de envío de candidaturas ata o 15 de novembro. Acéptanse traballos en español, catalán e inglés.

**VIII Congreso Economía Feminista [+Info](#)**

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

**III edición dos premios Valedora do Pobo aos melhores TFG e TFM en materia de igualadade e dereitos das mulleres**

Información publicada no DOG Núm. 180 do mércores 21 de setembro de 2022 e na web valedordopobo.gal

**Premio de investigación Empar Pineda [+Info](#)**

Primeira edición convocada pola Fundación 26 de Diciembre para traballos sobre as mulleres maiores lesbianas en España. Prazo de presentación ata o 31 de decembro. Con dotación económica.

**Revista Asparkía. Investigación Feminista [+Info](#)**

Aberta convocatoria para presentar artigos para o próximo número sobre Deconstrucción e reapropiación feminista do espazo na arte ata o 31 de xaneiro de 2023.

**Superpoderosas [+Info](#)**

Proxecto para aumentar a visibilidade das expertas que convoca a integrantes de sociedades científicas, médicas, universidades ou centros de investigación.

**Banco de persoal experto para a avaliación por pares do Premio Tese de doutoramento Josefina Pascual Devesa**, para recoñecer e promover a difusión das melhores teses doutoriais defendidas na Universitat d'Alacant, que incorporen a perspectiva de xénero. [+Info](#)

## SUXESTIÓNS



No mes do 25N, o día internacional para denunciar a violencia contra as mulleres, a nosa suxestión son tres libros para achegarse ao fenómeno da *manosfera*.

Este neoloxismo -ou outros como «machosfera» ou *manhood*- utilízanse para nomear a unha rede informal mundial, organizada no espazo dixital, que se define por unha misoxinia compartida. Un movemento masculinista, asociado politicamente e en ocasións financiado pola extrema dereita e a *alt-right* estadounidense.

Ten a súa orixe nas redes no contexto dos Estados Unidos, onde se iniciou unha reacción violenta de homes que utilizaban a ironía e os *troleos* contra o feminismo e a presenza das mulleres na vida pública, actuando en grupo como acosadores dixitais. Esta comunidade está detrás de campañas de violencia machista dixital orquestradas a través de foros e espazos webs como o *Gamergate* ou a difusión dos datos da moza agredida sexualmente pola «Manada» (2016), entre outros. Tamén formaba parte destes grupos Elliot Rodger, un mozo autodenominado *incell*, que en 2014 asasinou a 6 persoas e feriu a outras trece en Isla Vista, California, cerca do campus da Universidad de California.

Para afondar neste tema recomendamos a lectura de:

*Leia, Rihanna y Trump. De cómo el feminismo ha transformado la cultura pop y de cómo el machismo reacciona con terror* (2019) de Proyecto Una. Integrantes deste colectivo de análise e pensamento crítico participaron nos Bibliolabs que organizou a Unidade de Igualdade no ano 2019. Pódese ver a súa intervención na nosa canle de UVigo TV, [aquí](#). E tamén ma 2ª edición do [Workshop: Sociedade dixital e xénero, Hackeando o patriarcado](#)

*Muerte a los normies: Las guerras culturales en internet que han dado lugar al ascenso de Trump y la alt-right* (2018) de Angela Nagle


*Odio a las mujeres. Incells, malfollaos y machistas modernos* (2022) da xornalista Susanne Kaiser

## RECURSOS

Las políticas de igualdad universitarias. XV Encuentro RUIGEU 2022 Diagnóstico de los grupos de trabajo [+Info](#)

Xénero en investigación (EN) [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2022 [+Info](#)



Datos do informe para España

Índice de Igualdad de Xénero 2022: La igualdad de género está amenazada, Grupos específicos más afectados (Resumo executivo) [+Info](#)

As mulleres que se quitaron o velo no levantamiento exipcio de 2011: oportunidades políticas e políticas de modestia [+Info](#)

Emprendemento feminino en Brasil: cómo a literatura científica dá forma á construcción sociocultural das desigualdades de xénero (EN) [+Info](#)

Maternidade sen parella en Ghana: análise de tendencias e predictores utilizando datos de enquisas demográficas e de saúde (EN) [+Info](#)

O impacto da diversidad de xénero nos equipos de investigación científica: unha necesidade de ampliar e acelerar futuras investigacíons [+Info](#)

Retos da mediación lingüística con vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Manual para a creación dun plan de estudos sensible ao xénero. Estratexias para ensinar e aprender (EN) [+Info](#)

A axencia de investigación australiana introduce cotas de xénero que cambian as regras do xogo (EN) [+Info](#)

Xénero en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas: problemas, causas, solucións (EN) [+Info](#)

Un marco para a análise de sexo, xénero e diversidade na investigación (EN) [+Info](#)

Citacións xustas (EN) [+Info](#)

Estudio sobre la igualdad en el sector legal [+Info](#)

Inequidade nas citas e prácticas de citas de xénero na física contemporánea (EN) [+Info](#)

Por que a física segue sendo un mundo de homes e como cambialo (EN) [+Info](#)

A sexualidade das mulleres novas no contexto español. Percepcións subxectivas e impacto da formación [+Info](#)

Análise dos estereotipos de xénero en ciencia a través do concurso «Debuxa unha persoa que se dedique á ciencia e ponlle un nome» [+Info](#)

LO 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual [+Info](#)

UN Women Highlights 2021-2022 (EN) [+Info](#)

Global Gender Gap Report 2022 (EN) [+Info](#)

Informe Saúde e Xénero 2022. Aproximación multidisciplinar á pandemia por covid-19 [+Info](#)

ATHENA e-platform for Action [+Info](#)

### Desafíos do Océano: Científicas ao Mando

Unha miniserie documental de 6 capítulos de 15 minutos de duración. Un proxecto do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar liderado pola UVigo para dar a coñecer a investigación que científicas das institucións que pertencen ao CEI Campus do Mar desenvolven.

Masculinidade e sexualidade no liderado da dereita radical populista (EN) [+Info](#)

Perfiles do alumnado en función do seu uso de estratexias de aprendizaxe cognitivas e metacognitivas: aparición e relaciones co xénero, a motivación intrínseca e o apoio á autonomía percibida (EN) [+Info](#)

A física foi cousa de mulleres nos EE.UU., e hoxe? [+Info](#)

Loitando pola hexemonía masculina: disputa entre a Alt-Right e as White Nationalist Masculinities en Stormfront.org (EN) [+Info](#)

Política do aborto nos Estados Unidos e arrededor do mundo (EN) [+Info](#)

Perspectiva de xénero na saúde feminina, unha materia pendente? As expertas toman a palabra [+Info](#)

## NOVAS DO DUVI



Unha exposición para reivindicar as artistas no museo e na rúa [+Info](#)

**Ciencias Económicas e Empresarias elixe a Dolores Garza como nova decana.**

Lidera un equipo cen por cen feminino disposto a recuperar a harmonía interna no centro [+Info](#)

Unha xornada analiza o potencial do ecofeminismo para xerar «outra educación» [+Info](#)

Catro olladas sobre a violencia no universo feminino na antigüidade [+Info](#)

A investigadora do Cintecx Mercedes Solla obtén unha prestixiosa Beca Leonardo da Fundación BBVA [+Info](#)

A UVigo lidera a redacción dun manual pioneiro no mundo para mellorar a formación de intérpretes e axentes que traballan con vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

«A disputa por unha sociedade máis igualitaria” comeza nas aulas [+Info](#)

Belén Riveiro gaña o Premio Nacional de Investigación para Jóvenes Matilde Ucelay [+Info](#)

Na administración tributaria, na asesoría fiscal.... As mulleres tamén son «visibles» no Dereito financeiro [+Info](#)

A RAGC recoñece o traballo das investigadoras Ángeles Sanromán e Isabel Pastoriza no Día da Ciencia en Galicia [+Info](#)

A alianza ATHENA dá un paso máis para converterse nunha universidade europea con campus en nove países [+Info](#)

## NOVAS

---

¿Nos tienen que asesinar de tres en tres para ser noticia? [+Info](#)

*As malas mulleres de Marilar Aleixandre gañan un Premio Nacional de Narrativa ata agora inzado de homes* [+Info](#)

El Partido Comunista de China excluye de la cúpula del poder a las mujeres [+Info](#)

Victoria García, graduación en Educación Primaria y Premio de Excelencia Académica: "Hubo muchos profesores que me dijeron que yo no llegaría a nada" [+Info](#)

Activismo menstrual ante la pobreza y los tabúes [+Info](#)

Una clínica de Vitoria se planta ante el acoso de antiabortistas y pide a la Policía que aplique la nueva ley [+Info](#)

Más de mil suspensiones de visitas de padres maltratadores en el segundo trimestre del año [+Info](#)

Equilibrio de xénero, mejores resultados (EN) [+Info](#)

Un informe revela un acoso sexual sistemático a las futbolistas de EE. UU. [+Info](#)

Maria Sole Ferrieri Caputi: la primera mujer árbitro en la historia de la Serie A [+Info](#)

La sequía agudiza la pobreza menstrual en África [+Info](#)

El 43 % de las jóvenes ha recurrido alguna vez a la píldora del día después [+Info](#)

Niñas y mujeres, frente a la política: el 90% no están satisfechas con sus representantes [+Info](#)

## DATOS

---

### Observatorio de Igualdade da UVigo [+Info](#)

O Observatorio é unha fonte de información que elabora informes sobre as desigualdades existentes na UVigo e as causas que as provocan para axudar a comprender as políticas de igualdade adoptadas.

Xa está dispoñible, para consulta e descarga, o [Observatorio de Igualdade 2022](#) onde se analizan, con perspectiva de xénero, os principais datos e indicadores da Universidade de Vigo.

### Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

### Científicas en Cifras 2021 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

### Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

### Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

Fonte para analizar cuestións de igualdade de xénero en todos os ODS en 129 países.

### As mulleres do mundo 2020. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

### Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

Datos e perfiles de países sobre o nivel de discriminación nas leis, normas e prácticas sociais en 180 países nunha ampla diversidade de temas. Hai datos resumidos a nivel mundial e datos por países.

### A vida de mulleres e homes en Europa (EN)

Edición interactiva 2021 [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
 Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

**CIM Vigo**  
 Rúa Romil núm. 20  
 986 293 963  
 Ofrece atención xurídica en liña a través do enderezo-e:  
 osnososdereitos.muller@vigo.org

**CIM Ourense**  
 Rúa Ensino núm. 24  
 988 393 191  
 Horarios: De 8:30 a 14:30 h, con cita previa.

**CIM Pontevedra**  
 Praza José Martí, 3º andar.  
 900 119 741 e 986 864 825  
 Correo-e: igualdade@pontevedra.eu  
 Horario: de luns a venres de 9 a 14:00 h.  
 Asesoramento xurídico: de luns a venres de 13:00 a 15:00 h con cita previa.

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacions de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** [+Info](#)

**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñas contra os Malos Tratos** [+Info](#)

Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.  
 Atención ás vítimas: 606 929 137.  
 Grupo de mulleres de Vigo cuxa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos.

**Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero da Xunta de Galicia 2021**

Axudas periódicas para mulleres en situación de violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [+Info](#)

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** [+Info](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

